

# DECRETO

**Expediente núm.:** 323/2025

**Resolución con número e data establecidos á marxe**

**Procedemento:** Festas (Planificación, Organización ou Celebración)

## FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

<b>N. Expediente</b>	323/2025
<b>F. Apertura</b>	08/05/2025
<b>Código de clasificación</b>	3.07.00
<b>Asunto</b>	VII FEIRA DO GANDO VACÚN 2025_ 08 XUÑO 2025 V CONCURSO FOTOGRÁFICO

1. O vindeiro día oito de xuño de 2025, celebrarase a **VII Feira do gando vacún** no recinto feiral de San Ramón.
2. Para dinamizar a dita feira o concello organizará o **V Concurso de Fotografía Feira do Gando Vacún**, que se vén facendo desde o ano 2016 neste municipio.
3. Co obxectivo de regular e normalizar o dito concurso é necesaria a redacción dunhas bases.

De conformidade co establecido no artigo 21.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local

## RESOLUCIÓN

Primeiro: aprobar as bases que rexerán o dito concurso e que se inclúen como anexo.

Segundo: destas bases darase publicidade para o coñecemento xeral na páxina web e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

Moeche, na data da sinatura dixital.

A alcaldesa.

Asdo.: Beatriz Bascoy Maceiras.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**



## ANEXO

### BASES DO V CONCURSO DE FOTOGRAFÍA FEIRA DO GANDO VACÚN

#### Primeira. Organización e obxecto

As bases redáctanse para regular e normalizar o V Concurso de Fotografía Feira do Gando Vacún. Este concurso está organizado polo Concello de Moeche para a dinamización da Feira do Gando Vacún que se vén celebrando dende o ano 2016 neste municipio.

#### Segunda. Categorias e requisitos

Existen tres categorías nas que participar:

**1.- Foto dunha gandaría:** onde se pode plasmar calquera actividade asociada ao traballo cotián que desenvolven as nosas gandeiras e gandeiros (alimentación dos animais, limpeza das cortes, pastoreo, etc.).

**2.- Foto da vida no rural:** imaxes que deixen patente calquera modo de vida vencellado á terra ou á crianza de animais.

**3.- Foto infancia no rural:** imaxes que transmitan aspectos da especificidade da vida cotiá dos nenos e nenas no rural en relación co seu entorno natural. Poderase remitir como máximo unha fotografía por participante en cada categoría.

No caso de uso de imaxe de menores de idade, será responsable de dito uso de imaxe do menor o participante no concurso.

#### Terceira. Prazo de presentación das fotografías

As fotografías, que han de ser inéditas, deberán enviarse entre o 20 de maio e o 3 de xuño ao correo [correo@moeche.gal](mailto:correo@moeche.gal). No correo farase constar o título da imaxe e o nome da autora ou autor. Con elas farase unha galería na páxina en Facebook do Concello de Moeche para que o público vote por elas dándolle ao “Gústame”. O día da feira expóranse na nave do Mercado todas as fotografías presentadas ao concurso. Alí tamén se poderá votar nunha urna pola foto que máis guste, sumando eses votos aos “gústames” obtidos en Facebook.

#### Cuarta. Xurado e premios

Haberá un primeiro premio por cada categoría ademais dun premio á foto máis votada nas redes. O xurado estará composto por profesionais do mundo veterinario e membros das asociación veciñais de Moeche. O xurado poderá excluír do concurso a calquera participante que realice un mal uso do mesmo, entendéndose como tal o incumprimento dunha ou máis condicións reguladas nas bases.

Premios:

Mellor foto categoría gandaría: Trofeo + imaxe impresa e enmarcada

Mellor foto categoría vida no rural: Trofeo + imaxe impresa e enmarcada

Mellor foto categoría infancia no rural: Trofeo + imaxe impresa e enmarcada

Foto máis votada no Facebook do Concello de Moeche e na propia feira: Imaxe impresa e enmarcada.

As persoas premiadas deberán en todo momento acreditar a súa identidade para poder acceder ós premios. No caso de que a persoa premiada sexa menor de idade, deberá acudir acompañada polo pai, nai ou representante legal.

**A entrega de premios terá lugar no Mercado do sábado seguinte á feira, día 14 de xuño, ás 12.00h.** A organización do concurso NON SE RESPONSABILIZA polos danos ou prexuízos de toda natureza, que, a pesar das medidas de seguridade adoptadas, poidan deberse á utilización indebida dos contidos. A participación no concurso supón a aceptación das presentes bases e a



cesión á organización dos dereitos de reprodución, exhibición, comunicación pública e/ou transformación de todas as imaxes presentadas ó concurso. Así mesmo, cada participante, polo feito de selo, responsabilízase de que posúe os dereitos de imaxe e propiedade intelectual sobre todo o material presentado.

